



Estimados compañeiras e compañeiros:

Pasamos a comentarvos algunhas cuestións que consideramos que poden ser do voso interese.

FUNCIONAMENTO DO COLEXIO.

Como vos vimos informando dende o comezo desta excepcional situación creada pola declaración do estado de alarma, pola emerxencia sanitaria derivada da epidemia do coronavirus, temos feito importantes esforzos, para manter un servizo o máis semellante posible á situación previa.

Cando esta situación nos sorprendeu, estabamos a piques de realizar, “por fin” o traslado da nosa antiga sede en Barrié de la Maza (A Coruña) ao novo local en Ronda de Outeiro nº 8, 1º C, pero houbo que suspendelo.

Agora que semella que a situación, polo menos no que atinxe a unha certa relaxación na actividade empresarial, e a mobilidade, mellora algo, imos retomar o asunto, e esperamos que neste mes quede resolto o asunto..., o que nos ocasionará, espero equivocarme, máis disfuncións das normais coa migración informática e telefónica, polo que vos pedimos comprensión.

Levamos dende o principio desta situación traballando prioritariamente en modalidade de teletraballo, reducindo todo o posible a atención presencial, e si as esixencias de servizo non recomentan o contrario, así seguiremos, sin una data límite fixada para esta situación.

A aplicación prioritaria do teletraballo, non descarta totalmente a atención presencial, pero a relación tanto vosa, como do público en xeral, será telemática, o que esperamos que sexa unha tendencia de cara ao futuro, en especial no que atinxe, tamén ao visado de traballos, toda vez que dispor de visado dixital, non vos supón ningún custe adicional, vos aforra desprazamentos e vos aporta independencia das “mensaxerías”.

Non queremos obrigar, máis si concienciar... mal que nos pese é o presente e, por suposto, o futuro.

A atención presencial, farase con cita previa, cunha antelación mínima de 24 horas e, ao mesmo tempo, tentaremos organizar para atender nesas xornadas á maior cantidade de citas posibles.

A atención será individual, respectando ao máximo a distancia de seguridade, polo tempo imprescindible e, será esixible o uso de máscaras e luvas por ambas dúas partes. É o mellor, tanto para uns como para outros.

Na atención non telemática estableceremos protocolos para a recepción e tratamento das documentacións achegadas, coa finalidade de inertizar as mesmas, o que pode redundar en prexuízo das tramitacións, polo que recomendamos encarecidamente a tramitación telemática, en calquera caso.

Para rematar, seguimos a expedir, para todo aquel que o considere, “certificacións de mobilidade”, independentemente de que as condicións de mobilidade se teñan visto sensiblemente “relaxadas”...

Aínda que non está dicidida a data, estamos a traballar na celebración da próxima Asemblea Xeral, consonte ao disposto polos nosos estatutos. Non é previsible que sexa posible celebrala presencialmente, nin as condicións para facelo, si o fora, polo que estamos a traballar en facela por videoconferencia, o que vos comunicamos para o voso coñecemento e para que aqueles que esteades interesados, e tecnoloxicamente “habilitados”, nos facilitedes un enderezo de correo-e valido ao que remitirvos a “invitación” o día de celebración. Sin ser o máis cómodo, abonda con ter un “smartphone”, con cámara, no que estea configurada a conta de correo-e que nos

DELEGACIÓN

PONTEVEDRA: Soportais da ferrería N.º.4, 2º D * Tfno. E fax: 986 846117 * 36002
Pontevedra.



facilidades

NOVIDADES NORMATIVAS DE INTERESE COLEXIAL RELACIONADAS COA “SUAVIZACIÓN” DO ESTADO DE ALARMA DECRETADO POLA SITUACIÓN DE EMERXENCIA SANITARIA DO COVID-19.

- No BOE n.º 120, de 30 de abril, publicouse a Orde APA/377/2020, de 28 de abril, pola que se modifican, para o ano 2020, diversos prazos establecidos nos RR. DD. 1075/2014, 1076/2014, 1077/2014 y 1078/2014, todos eles de 19 de decembro, ditados para a aplicación en España da Política Agrícola Común.

Esta Orden trae causa da situación actual resultante da pandemia causada polo COVID-19 en todo o territorio da Unión Europea, e as amplas restricións establecidas que afectan á libre circulación das persoas. Debido a iso, a Comisión Europea ten constatado a existencia de dificultades administrativas excepcionais comunicadas por tódolos Estados membros. Esta situación interfire no proceso de presentación das solicitudes correspondentes á campaña 2020, o que ten dado lugar á publicación do Regulamento de Execución (UE) n.º 2020/501 da Comisión, de 6 de abril de 2020, polo que se establecen excepcións ao disposto no Regulamento de Execución (UE) n.º 809/2014 no que se refire á data límite de presentación da solicitude única, as solicitudes de axuda ou as solicitudes de pagamento á data límite para a notificación das modificacións da solicitude única ou da solicitude de pagamento e á data límite de presentación das solicitudes de asignación de dereitos de pagamento ou de incremento do valor dos dereitos de pagamento no marco do réxime de pagamento básico para o ano 2020.

Esta nova regulamentación comunitaria obriga a modificar en canto aos prazos os RR. DD. 1075/2014 (aplicación a partir de 2015 de pagamentos directos á agricultura e gandería e outros réximes de axuda), 1076/2014 (asignación de dereitos de réxime de pagamento básico da PAC), 1077/2014 (sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas), 1078/2014 (normas de condicionalidade que deben cumprir os beneficiarios que reciban pagamentos directos, etc.).

Así mesmo, a devandita Orde deroga a Orden APA/269/2020, de 19 de marzo, pola que se amplía o prazo de presentación da solicitude única, para o ano 2020, establecido no artigo 95 do R. Decreto 1075/2014, de 19 de decembro.

Podedes acceder á Orde APA/377/2020 na seguinte ligazón:

<https://www.boe.es/boe/dias/2020/04/30/pdfs/BOE-A-2020-4745.pdf>

- No BOE n.º 123, de 3 de maio de 2020, publicouse a Orde SND/385/2020, de 2 de maio, pola que se modifica a Orde SND/340/2020, de 12 de abril, pola que se suspenden determinadas actividades relacionadas con obras de intervención en edificios existentes nas que exista risco de contaxio polo COVID-19 para persoas non relacionadas con dita actividade.

Respecto á Orde SND 340/2020 xa remitimos información, debido á súa relevancia para o noso ámbito profesional cando de presten servizos no marco de obras de edificación. Con esta nova Orde de modificación se amplía o ámbito das excepcións á suspensión de obras que esa Orden SND 340/2020 establece. Esas excepcións quedan agora redactadas do seguinte xeito:

“Uno. El apartado 2 del artículo único queda redactado de la siguiente forma:

«2. Se exceptúan de esta suspensión las obras referidas en el apartado anterior en las que, por el tipo de intervención, por las circunstancias de sectorización del inmueble o de delimitación de espacios y recorridos de circulación, no se produzca interferencia alguna con las personas no relacionadas con la actividad de la obra. También quedan

DELEGACIÓN

PONTEVEDRA: Soportais da ferrería N.º.4, 2º D * Tfno. E fax: 986 846117 * 36002
Pontevedra.



exceptuadas aquellas obras que se realicen en locales, viviendas u otras zonas delimitadas del edificio no habitadas, o a las que no tengan acceso los residentes mientras duren las obras, siempre que se cumplan todas las siguientes condiciones:

- a) Se limite la circulación de trabajadores y materiales por zonas comunes no sectorizadas, y se adopten todas las medidas oportunas para evitar, durante el desarrollo de la jornada, el contacto con los vecinos del inmueble.
- b) El acceso y salida de esos locales, viviendas o zonas se produzca al inicio y a la finalización de la jornada laboral.
- c) Los trabajadores adopten las medidas de prevención e higiene frente al COVID-19 indicadas por las autoridades sanitarias.»

Dos. Se añade un nuevo apartado 4 al artículo único, que queda redactado de la siguiente forma:

«4. En todos los casos exceptuados anteriormente, se permite el acceso a zonas no sectorizadas del edificio, para la realización de las operaciones puntuales de conexión con las redes de servicios del edificio que sean necesarias para acometer las obras.»”.

Podedes acceder á Orde SND/385/2020 na seguinte ligazón:

<https://www.boe.es/boe/dias/2020/05/03/pdfs/BOE-A-2020-4790.pdf>

- No BOE nº 121, de 1 de maio de 2020, publicouse a Orde SND/381/2020, de 30 de abril, pola que se permite a realización de actividades non profesionais de coidado e recolección de producións agrícolas.

Na súa virtude, autorízase o desprazamento para o coidado e recolección dos hortos cando non se trate de actividades de natureza laboral, profesional ou empresarial, sempre que se atopen no mesmo termo municipal do domicilio, ou nun adxacente ao mesmo. Opoñen excepción en canto a este último requisito de proximidade as situacións de necesidade, considerándose como tal o coidado e alimentación de animais, e o coidado ou recolección de hortos de autoconsumo, en aqueles casos nos que, en atención á situación socioeconómica do interesado, o consumo do produto dos mesmos resulte imprescindible para atender á súa subsistencia, o que se poderá acreditar polo titular por calquera dos medios admitidos en Dereito. O desprazamento será sempre individual, agás acompañamento a discapacitados, maiores ou menores ou por outra causa xustificada, e só polo tempo indispensable.

Podedes acceder á Orde SND/381/2020 na seguinte ligazón:

<https://www.boe.es/boe/dias/2020/05/01/pdfs/BOE-A-2020-4768.pdf>

En A Coruña, a 11 de maio de 2020.

A XUNTA DE GOBERNO



DELEGACIÓN

PONTEVEDRA: Soportais da ferrería N.º.4, 2º D * Tfno. E fax: 986 846117 * 36002 Pontevedra.